

TRABALLO TEMA 6:

Entendemos un texto científico

Lede atentamente os apartados indicados e contestade as preguntas que se fan para cada un. Lembrade que, para este traballo, non podedes usar IA. Si podedes buscar información externa, pero sempre indicando as fontes, xa sabedes.

UNHA ENTREGA POR PARELLA. EN PAPEL (podedes facelo a ordenador e logo imprimilo a dobre cara, pero a entrega en papel, por favor).

Resumo

1. Que significa tuberculose MDR? (Fíxate tamén no apartado anterior, o de abreviaturas). Non me refiro a que significan as siglas, senón a que significa o concepto de “tuberculose MDR”.
2. A que fan referencia as seguintes cifras?:
 - a) 234.
 - b) 208.
 - c) 30%
 - d) 50%
3. Que podemos atopar nas bases de datos Web of Science, PubMed e Scopus? Quizais, para resolver esta pregunta, o mellor sería que entrades nesas bases de datos e mirades que hai aí.
4. Que é a transmisión nosocomial?
5. Que son as probas de detección de sensibilidade antibiótica?

Introdución

6. Le o primeiro parágrafo e contesta: todas as persoas infectadas por *Mycobacterium tuberculosis* sofren tuberculose?
7. Que son a isoniacida, rifampicina, etambutol, pirazinamida...?
8. Fixádevos na figura 2 (páxina 10) e no parágrafo que está debaixo. Cantos casos de tuberculose hai en Ucraína por cada 100.000 habitantes? De todos eles, cantos son novos casos de tuberculose MDR? Cantos corresponden a pacientes que xa tiveron tuberculose, tratáronse e agora vólvena padecer?

Xustificación e obxectivos

9. En que rexións do mundo hai máis tuberculose (en xeral)? En cales hai, dentro do total de pacientes con tuberculose, máis xente que ten a MDR? Que lle chama a atención á autora con respecto a estes datos?

Materiais e métodos

Aquí non tedes que contestar ningunha pregunta, simplemente ler e entender isto que vos conto. Algunhas veces, nos TFG non se fai unha parte experimental, é dicir, non se realizan experimentos nos laboratorios ou no campo para obter información. Pola contra, o que se fai é o que se chama unha “revisión científica”, é dicir, escóllese un tema e búscanse artigos xa escritos que traten, polo menos en parte, sobre ese tema. Xúntase toda a información e analízase para obter conclusións novas ou máis específicas sobre ese tema que se escolleu.

Resultados

Discusión

10. Contexto histórico. Que é a URSS?

11. Tamén no apartado de contexto histórico. Indicade como varían os seguintes factores despois da caída da URSS.

- a) Renda media per cápita.
- b) Inxestión promedio de proteínas.
- c) Consumo de alcohol.
- d) Criminalidade.
- e) Número de profesionais da medicina e hospitais.
- f) Esperanza de vida.
- g) Prevalencia do VIH.

12. Enumerade tres características do sistema sanitario soviético antes da caída da URSS. Podedes atopalas na páxina 26, no parágrafo que comeza con “ata os anos 70”.

13. Lede agora os dous seguintes parágrafos e enumerade tres características dos sistemas sanitarios das repúblicas que formaron a URSS, despois da caída desta.

14. Facede unha lista de todos os factores que se consideran de risco para contraer tuberculose MDR. Podedes atopalos a partir da páxina 31.

15. Que significa que hai “falta de adherencia” a un tratamento? Podedes atopar esta expresión na páxina 34.

Conclusión

Xa vedes que a conclusión é un pequeno resumo de todo o que nos permitiu constatar o traballo. Despois de lela, e de ter contestado todas as preguntas anteriores, dicídemme:

16. Que é o que máis vos chamou a atención deste traballo? Por que?

Opinións persoais

Isto non conta para a nota, pero agradecería que me escribiredes un pequeno parágrafo sobre se vos resultou interesante o traballo: mesturar o tema da saúde cunha temática de carácter sociopolítico, ler un texto científico como é un TFG...? Grazas polo voso tempo!